

# **PLAN DE ORIENTACIÓN**

CEIP PLURILINGÜE MONTE BALIÑO

PANTÓN

CURSO 2020-2021



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP PLURILINGÜE**

**MONTE BALIÑO.**

Cardenal Páramo Somoza N°12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es

**galicia**

## **ÍNDICE**

Introdución.....	Páx. 3
1. Xustificación baseada no contorno .....	Páx. 4
1.1 Contextualización do centro .....	Páx. 4
1.2 Composición do Departamento de Orientación .....	Páx. 5
2. Necesidades detectadas e priorización das actuación .....	Páx. 6
3. Funcións e obxectivos do Departamento de Orientación .....	Páx. 7
4. Planificación Xeral .....	Páx. 9
4.1 Organización e funcionamento do Departamento de Orientación .....	Páx. 10
4.2 Estratexias de intervención .....	Páx. 10
5. Plan anual de actividades do D.O.....	Páx. 13
6. Avaliación do Plan de Orientación .....	Páx. 16



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE

MONTE BALIÑO.

Cardenal Páramo Somoza N°12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es

galicia

## Introdución

O Departamento de Orientación do CEIP A POBRA DE BROLLÓN, creouse ao comezo do curso 2008-09 ao abeiro do *Decreto 120/1998 do 20 de abril* polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a *Orde do 24 de xullo de 1998* que desenvolve dito Decreto.

Este Departamento de Orientación ten compartidos, segundo establece a ROEGAL (Rede de Orientación Educativa de Galicia), outros tres centros educativos sendo o centro base o CEIP Pobra de Brollón:

- CEIP Rosalía de Castro (Bóveda), dista 14 km do centro base.
- CEIP Plurilingüe Monte Baliño (Pantón), dista 26 km do centro base.
- CEIP Plurilingüe Virxe do Carme (Sober), dista 24 km do centro base.

A lexislación educativa máis recente outórgalle á función orientadora un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven:

- A orientación educativa e profesional do alumnado debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (*Artigo 1º da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*) (LOMCE)
- A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria (*LOE, artigo 2º*) (LOMCE)
- A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. (*LOE, artigo 91º.d*) (LOMCE)

Nesta liña, queremos para o noso centro unha orientación que incida sobre a Comunidade Educativa no seu conxunto (alumnado, profesorado e familias), que atenda aos problemas e dificultades de aprendizaxe e preste apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co contorno, contribuindo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenrolan nela e, conseguintemente, da acción educativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE

MONTE BALIÑO.

Cardenal Páramo Somoza Nº12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es

galicia

A orientación é un deber compartido por todos os mestres que traballamos no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade, programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula, a medio e longo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Pero esta planificación non pode facerse de maneira illada, xa que é parte da organización pedagóxico-educativa do centro e, consecuentemente, debe incardinarse coa actividade e estrutura xeral deste. O Plan de Orientación conforma pois, un epígrafe propio do P.E. como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade, na orientación persoal e académica e na acción titorial, sendo o Departamento de Orientación o responsable de elaborar a proposta do mesmo de acordo cos criterios fixados polo claustro de profesores e as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. Pretendemos que o Plan de Orientación sexa un documento práctico que sirva de guía da nosa labor e dea a coñecer aos restantes membros da Comunidade Educativa os ámbitos de actuación nos que imos traballar.

### **1. Xustificación baseada no contorno.**

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Por iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

#### **1.1 Contextualización do centro.**

O CEIP Plurilingüe é un centro público que conta cunha unidade de Educación Infantil na que actualmente hai escolarizados 15 alumnos/as, e con 3 unidades de Educación Primaria, con 40 alumnos/as. En total o centro ten actualmente escolarizados 55 alumnos/as.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE

MONTE BALIÑO.

Cardenal Páramo Somoza Nº12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es

O centro dispón dunha especialista en Pedagogía Terapéutica afín a Audición e Linguaxe a tempo completo.

A xefa do Departamento de Orientación é Sonia Sánchez Fernández e asiste ó centro un día a semana (os xoves).

Dado o número de alumnado o centro non ten problemas de espazos para aulas. Posúe as respectivas aulas de infantil e primaria e ademáis aulas para desenvolver as áreas específicas: inglés, música, pedagogía terapéutica, relixión. Ademáis de biblioteca, aula de informática, ximnasio, sala de profesores, dirección e comedor.

A maior parte das familias dos alumnos e alumnas adócanse á agricultura e á gandería, completándose o medio de vida destas familias no sector servicios e un pequeno grupo de profesións liberais e autónomos.

O alumnado conta cos servizos complementarios de transporte escolar e comedor e o horario do centro ten xornada partida; pola mañá de 9:45 horas a 13:30 horas e pola tarde de 14:30 horas a 15:45 horas.

Os alumnos/as manteñen en xeral unha boa relación entre sí, e de igual xeito cos mestres e mestras. Senten preocupación polos temas relacionados coa ecoloxía e coa paz así como polo seu futuro.

A lingua dominante dos nosos alumnos e alumnas é o galego. Só unha porcentaxe moi pequena emprega o castelán como lingua habitual de relación, se ben comprenden o galego na súa totalidade, polo que velamos polo uso do idioma galego como lingua maioritaria de relación na nosa Comunidade Educativa.

## 1.2. Composición do Departamento de Orientación

Segundo se establece no *artigo 4 do Decreto 120/1998, do 28 de abril*, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento de orientación do CEIP a Pobra do Brollón está composto, para o presente curso, por:

- Xefa do departamento de Orientación. Sonia Sánchez Fernández
- A mestra de Pedagogía Terapéutica. Adoración Fernández González (con horas de dedicación a dirección)
- Mestra de Pedagogía Terapéutica afín A.L. Sandra Saavedra
- Mestra de Pedagogía Terapéutica afín A.L. Sandra Saavedra
- Mestra de Pedagogía Terapéutica afín A.L. Cristina Pampín Álvarez



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE

MONTE BALIÑO.

Cardenal Páramo Somoza Nº12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es



- Coordinador de Educación Infantil Óscar Gallardo Amiama
- Responsable de Orientación do CEIP Monte Baliño (Pantón) José González Rúa (con horas de dedicación a dirección)
- Responsable de Orientación do CEIP Plurilingüe Virxe do Carme (Sober) Montserrat Rodríguez Martínez (con horas de dedicación a dirección).
- Responsable de orientación do CEIP Rosalía de Castro (Bóveda) Francisco Javier Bouso Bouso (con horas de dedicación a dirección).

Os membros do DO do centro reúnen-se semanalmente (5ª hora do xoves) para levar a cabo as funcións que ten encomendadas o Departamento, e sempre cando sexa necesario. As reunións nas que participan tódolos membros celebráranse de forma extraordinaria cando sea preciso.

## 2. Necesidades detectadas e priorización das actuacións

Feita a análise das necesidades existentes no presente curso, a partir da recollida de información a través de diferentes medios; Memoria Anual do Departamento de Orientación; informes psicopedagóxicos; informes dos especialistas de P.T. e A.L., e a información transmitida polos docentes tras a avaliación inicial, podemos dicir que en xeral as necesidades educativas máis estendidas neste contexto refírense a:

- Dificultades nas habilidades instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo
- Deficiencias lingüísticas presentes a distintos niveis: expresión oral, comprensión lectora, pobreza léxica.
- Necesidade de motivar ao alumnado para “aprender a aprender” e “aprender a pensar”.
- Problemas condutuais e de comportamento.
- Situacións de privación sociocultural.
- Necesidade de fomentar o desenvolvemento de hábitos e destrezas de autoaprendizaxe na procura da independencia e autonomía dos alumnos e alumnas.
- Falta dunha maior implicación por parte das familias nos procesos de ensino-aprendizaxe dos/as seus/súas fillos/as.

Nº de alumnado de atención á diversidade:

	Educación Infantil			Educación Primaria					
curso	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE

MONTE BALIÑO.

Cardenal Páramo Somoza N°12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es



	-	2	-	-	3	3	2	2	3
--	---	---	---	---	---	---	---	---	---

Tendo en conta estas necesidades podemos enmarcar as actuacións que levaremos a cabo dende o Departamento de Orientación, dentro dos seguintes ámbitos:

- Actuacións que teñan como obxecto a **Atención á Diversidade** presente no centro.
- Actuacións dirixidas a apoiar o **Proceso de ensino-aprendizaxe**: seguimentos individuais, prevención de dificultades na aprendizaxe e no desenvolvemento da personalidade, adaptación da resposta educativa a cada necesidade, etc.
- Actuacións que teñan como eixo o desenvolvemento do **Plan de Acción Titorial**.
- Actuacións en relación á **promoción da convivencia** e á resolución pacífica de conflitos.
- Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na educación dos seus fillos e fillas.
- Actuacións para acadar a **colaboración** con outros Departamentos de Orientación da zona, o Equipo de Orientación Específico provincial, e con diferentes organismos: Servizos Sociais, Servizos de Información á Xuventude, Servizos Sanitarios, Asociacións etc.

### 3. Funcións e obxectivos do D.O.

As **funcións do D.O.** segundo o *art. 10º da Orde do 24 de xullo de 1998* son:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.
  - Elaborar, de acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado, conforme o que se establece no *artigo 13º* desta orde e da CCP do centro, as propostas do POA, e do PAT, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, e á prevención de dificultades e problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.



- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle á comunidade educativa o apoio e asesoramento necesarios para que o alumnado poda afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Cooperar cos membros dos EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións
- Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

Os **obxectivos xerais que o Departamento de Orientación asume** pódense concretar fundamentalmente nos seguintes:

1. Continuar co equipamento do departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o adecuado funcionamento do mesmo.
2. Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da personalidade do/a alumno/a.
3. Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado no centro educativo e no grupo de compañeiros/as, sobre todo nos momentos de transición e chegada ao centro, no paso dun ciclo a outro.
4. Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.





5. Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as facendo fincapé na adquisición de hábitos e actitudes positivas cara ao estudo, á comprensión oral e escrita e á capacidade para a resolución de problemas.
6. Coordinar as accións de orientación e tutoría do centro e dos centros adscritos.
7. Contribuír á axustada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
8. Potenciar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona educativa, co Equipo Específico, cos servizos sociais do Concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, pais e alumnos/as.
9. Informar ao profesorado sobre a avaliación psicopedagóxica dos A.C.N.E.A.E.
10. Colaborar cos profesores, baixo a dirección do Xefe de Estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe.
11. Orientar ao profesorado tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, recuperación, reforzo e apoio psicopedagóxico.
12. Apoiar, se fose necesario, e completar as intervencións dos titores/ as coas familias.
13. Potenciar a orientación de todos os alumnos/ as incluíndo a todos aqueles que necesiten unha atención especial.
14. Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa e psicopedagóxica e profesional.
15. Axudar aos alumnos nos momentos de maior risco e dificultade: ingreso no Centro, cambio de Ciclo.
16. Orientar e implicar á familia na educación dos/as seus/súas fillos/as, ao igual que establecer as canles axeitadas de información e comunicación coas familias.

#### 4. Planificación xeral

##### 4.1. Organización e funcionamento do D.O.

Para garantir que a orientación educativa teña un carácter procesual e que os membros do Departamento de Orientación leven a cabo as súas funcións dun xeito coordinado, terán lugar as seguintes xuntanzas:

- Os mestres especialistas de PT , reuniranse (sempre que sexa posible) **unha vez á semana** coa xefa do departamento.
- O terceiro martes de cada mes levarase a cabo a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- **Outras reunións** nas que participará o Departamento de Orientación son:
  - Reunións coas Familias
  - Reunións de Equipo Docente (CCP)



- Reunións de Avaliación
- Claustros de Profesores
- Reunións con outras institucións que interveñan no desenvolvemento do A.C.N.E.A.E.

### Horario da xefa do departamento

O horario da xefa do departamento axústase ó establecido para os mestres a raíz do *acordo de 8 de xuño de 2007*, e tamén á condición de itinerante que se recolle no acordo das condicións de traballo do profesorado itinerante. Trátase dun horario flexible, segundo as necesidades dos centros educativos aos que atende. No centro base de A Pobra do Brollón entra na aula de E.I. como apoio da aula ordinaria

Dentro da flexibilidade que ten que ter o horario da orientadora, esta é a distribución prevista de tempos e funcións:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>BÓVEDA</b> <b>10:00-14:30</b>	<b>POBRA</b> <b>10:25-15:45</b>	<b>SOBER</b> <b>9:45-13:15</b>  <b>POBRA</b> <b>13:45-14:30</b>	<b>FERREIRA</b> <b>10:50-15:45</b>	<b>POBRA</b> <b>10:25-15:45</b>
	Apoio EI 10:25-11:20			Apoio EI 10:25-11:20
Recreo 11:40-11:55	Recreo 12:15-12:45			
	Comedor 14:30- 15:45	Apoio EI 13:45-14:10	Comedor	Comedor 14:30- 15:45

### Recursos

Os recursos empregados serán aqueles dos que dispoña o centro e o propio departamento, tanto materiais como persoais e de espazo, podendo acudir a axentes externos cando así o requira a actuación demandada ou programada, procurando sempre un rendemento óptimo e o mellor aproveitamento dos recursos existentes.



#### 4.2. Estratexias de intervención

Unha vez expostas as necesidades detectadas e os obxectivos que pretendemos acadar dende o departamento de orientación, imos determinar o **procedemento xeral que vai seguir a intervención orientadora**:

**1º Recepción e devolución da demanda.** As demandas de intervención ao Departamento virán reguladas polas seguintes condicións:

- A demanda concretarase por escrito nos protocolos de derivación existentes no Departamento, proporcionando o demandante a maior información respecto ao tema en cuestión.
- O Departamento estudará a demanda constatando a petición con outros axentes educativos implicados.
- A devolución de resposta por parte do Departamento producirase en entrevista co demandante, onde quedarán explicitadas: as responsabilidades de cada axente educativo na avaliación inicial que sexa precisa e as responsabilidades no tratamento das necesidades educativas que podan presentarse.

**2º Intervención psicopedagóxica ou orientadora.** Unha vez acordadas as responsabilidades no proceso de intervención, levaremos a cabo a intervención, que terá polo menos as *seguintes fases*:

- Avaliación das necesidades educativas.
- Deseño dun programa de intervención.
- Implementación do programa de actividades.
- Avaliación do programa de actividades.

**3º Avaliación da intervención.** En todos os casos ao finalizar unha intervención producirase por parte do Departamento de Orientación a avaliación da mesma, co fin de retroalimentar intervencións posteriores do mesmo tipo, debéndose de recoller devanditas valoracións por escrito a fin de que quede constancia da mesma.

Á marxe da intervención que se articula ao redor do PAD e do PAT que presentaremos a continuación, entendemos que existen uns **recursos estratéxicos xerais** que cómpre ter en consideración. Eses recursos son:

- A predisposición do equipo directivo, co que se establecerá unha liña de comunicación, información e colaboración (asesoramento-consulta) permanente.
- A toma de conciencia de que somos un equipo, o que significa ter unha apertura de cara ás iniciativas que se presenten e unha xenerosidade cara ás decisións que se adopten.



- A acción “mentalizadora e exemplificadora” dos coordinadores e coordinadoras dos diferentes equipos así coma dos especialistas en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe.
- A presentación de proxectos, ideas, programas, ... que axuden na toma de decisións, nas estratexias de aprendizaxe, nas medidas organizativas, na adquisición de hábitos, na integración, na educación en valores, na resolución de conflitos, na reflexión sobre o traballo e nas actuacións conxuntas.
- A redacción de circulares informativas sobre asuntos relacionados co labor docente (funcións dos titores e titoras, actividades de reforzo educativo, proceso dunha adaptación curricular, ...).
- A promoción de grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia actividade.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e periódica coas familias.
- As actuacións coas nais e pais de alumnos e alumnas, na procura dunha liña adecuada de colaboración e relación escola-familia.
- A absoluta dispoñibilidade e colaboración da orientadora, tanto no que atinxe aos centros adscritos coma na relación cos demais orientadores da zona.

Aclaradas as fases de intervención expoñemos a continuación as liñas xerais dos **Plans** e técnicas de intervención, **a través das cales, o Departamento de Orientación leva a cabo a súa actuación:**

**A.- Plan de atención á diversidade P.A.D.**

**B.- Plan de Acción Titorial P.A.T.**

A través do desenvolvemento dos mesmos, preténdese:

- Ofrecer unha resposta educativa nos distintos ámbitos interrelacionados dos dous plans.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades xerais de todos/as os/as alumnos/as dando resposta ao mesmo tempo ás alumnas e alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Mellorar as condicións xerais do contexto educativo co fin de previr problemas de aprendizaxe.

Así mesmo implicaremos nesta tarefa a todos os sectores que forman a comunidade educativa: profesorado, pais, nais, institucións do contorno, etc.

**A.- Plan de Atención á Diversidade**

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos os alumn@s, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.



Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

### B.- Plan de Acción Titorial

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción titorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción titorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o Plan de Acción Titorial.

### 5. Plan anual de actividades do D.O.

A elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) ven recollida na *Orde do 24 de xullo de 1998*, que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do departamento de orientación “responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Neste Plan de Orientación establécense as actuacións a desenvolver polo Departamento, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a pertinente temporalización.

Nº	ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
01	Asesoramento á Comunidade Educativa	Orientadora	Comunidade Educativa	Todo o curso



02	Proposta de adquisición de material do DO	Orientadora	Dirección	Todo o curso
03	Constitución do DO	Claustro de profesores	Equipo docente	Setembro
04	Actualización do P.O.	Orientadora	Claustro- Consello Escolar	Setembro-outubro
05	Revisión do P.A.D.	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Setembro – Outubro
06	Revisión do P.A.T.	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Setembro – Outubro
07	Proposta de organización dos apoios do profesorado de PT	Orientadora e profesorado de PT	Titores do ACNEAE	Setembro
08	Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Outubro
09	Asesoramento e colaboración na elaboración/revisión documentos do centro.	Orientadora	Claustro - Dirección	Todo o curso
10	Actuacións promotoras Convivencia	Departamento de Orientación	Comunidade Educativa	Todo o curso
11	Participación na CCP	Orientadora	Equipo Docente	Todo o curso
12	Asesoramento nas Avaliacións iniciais	Orientadora	Equipo Docente	Setembro
13	Recepción de pais/nais de alumnos con NEAE	Orientadora	Familias	Todo o curso
14	Estudo das necesidades do alumnado de cada centro compartido.	Orientadora	Alumnado	Setembro-Outubro
15	Atención semanal aos centros compartidos	Orientadora	Centros Compartidos	Todo o curso



16	Asesoramento na realización, revisión e seguimento das ACS	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, dirección	Todo o curso
17	Asesoramento xeral na acción tutorial	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
18	Recollida de datos e información sobre o alumnado	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
19	Participación en actividades extraescolares e complementarias, de lecer e no comedor.	Orientadora	Profesorado e alumnado	Todo o curso
20	Reunión co equipo directivo, mestres de PT e AL e titores/as	Departamento de Orientación	Membros do DO	1 vez ao mes
21	Participación en distintas reunións e claustros.	Orientadora	Equipos Docentes Claustro	Todo o curso
22	Apoio en 3º e 4º de E.P. no CEIP Pobra do Brollón	Orientadora	Alumnado de 3º e 4º de E.P.	Todo o curso
23	Apoio en 5º e 6º de E.P. no CEIP Pobra do Brollón	Orientadora	Alumnado 5º e 6º de E.P.	Todo o curso
24	Atención e seguimento personalizado ao alumnado con ACS e RE	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
25	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes.	Orientadora	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias	Todo o curso
26	Elaboración dos Programas de intervención	Orientadora	Alumnado	Outubro
27	Participación nas sesións de avaliación.	Orientadora	Equipos docentes.	Ao remate de cada trimestre.
28	Elaboración de materiais.	Orientadora	Alumnado, equipos docentes	Todo o curso



29	Valoración dos resultados das tres avaliacións.	Orientadora	Equipo docente	Ao comezo de cada trimestre
30	Realización dunha exploración psicopedagóxica a toda lidade do alumnado	Orientadora	Alumnado en xeral	1º e/ou 3º trimestre
31	Información ao alumnado, pais/nais de 6º sobre a ESO, visita o IES de referencia, si é posible, dos centros compartidos.	Orientadora	Alumnado de 6º curso e familias	Maio
32	Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación.	Departamento de Orientación	Profesor titor e profesorado de apoio	Maio
33	Avaliación das ACS, dos RE e Programas de intervención.	Departamento de Orientación	Profesor titor e profesorado de apoio	Xuño
34	Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento.	Departamento de orientación	Membros do DO	Maio-xuño
35	Avaliación do PO: PXAD, PAT	Departamento de Orientación.	Membros do DO	Maio-xuño
36	Elaboración dos informes do alumnado que remata primaria e foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica	Orientadora	Orientadores dos IES: IES Daviña Rei e IES A Pinguela	Xuño
37	Proposta de ACNEAE para o vindeiro curso	Orientadora	DO, Claustro	Xuño
38	Redacción da memoria do Departamento de Orientación	Orientadora	DO, Claustro e Consello Escolar	Xuño





## 6. Avaliación e seguimento do plan de orientación

O seguimento continuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas e que basicamente serán:

- Reunións dos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións co equipo directivo e titores/as.
- Entrevistas cos pais/nais e alumnos/as.
- Sesións de avaliación.
- Intercambios orais ou entrevistas cos destinatarios das intervencións.

Cos datos aportados polos implicados no deseño e desenvolvemento do Plan de Orientación (Departamento de Orientación, titores e mestres) e polos destinatarios das distintas actuacións (mestres/as, alumnos/as e pais/nais), elaborárase unha **Memoria** ao final do curso.

Esta memoria non se entende tanto como unha descrición das actuacións levadas a cabo, senón como unha síntese reflexiva sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, e os aspectos que será necesario modificar para o curso vindeiro.

Como indicadores da **avaliación** utilizaremos os seguintes **criterios**:

### Alumnado

#### 1. Desenvolvemento Psicosocial.

- O alumnado coñece a diversidade da súa aula en particular e do colexio en xeral.
- Os/as alumnos/as atópanse ben integrados no centro e tamén nas súas aulas.
- O alumnado participa activamente tanto no centro coma no seu entorno socio-familiar.
- O alumnado é capaz de tomar decisións por si mesmo, cada un segundo o nivel de madurez persoal acadado.
- O alumnado vai adaptando o seu propio sistema de valores segundo se vai producindo o desenvolvemento da súa propia identidade.
- O alumnado é consciente de que para aprender é necesario esforzarse.
- O alumnado ten adquiridas técnicas de traballo intelectual que lle faciliten o proceso de aprendizaxe.

#### 2. Desenvolvemento Cognitivo.

- As situacións de abandono ou inadaptación escolar diminuíron debido a prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Melloráronse os resultados do alumnado nas materias instrumentais do currículo debido a potenciación que se fixo das mesmas.



- Facilitou o proceso de ensino/aprendizaxe ao levar unha avaliación formativa mais detallada.
- Desenvolvéronse medidas de Reforzo e Adaptación curricular cando foron precisas.
- A comprensión lectora do alumnado que sigue un programa estruturado, mellora en relación con aquel que non o sigue.
- O proceso de avaliación foi coordinado e asesorouse o alumnado e mailo profesorado nos momentos de promoción.

### **Equipo de mestres e mestras**

#### **1. Coordinación Docente**

- As sesións de avaliación fixéronse de xeito coordinado con todo o profesorado que traballaba co alumnado.
- As sesións de coordinación entre a mestra de apoio e os titores/as, fixo que as súas programacións se axustaran moito mais ás especificidades do alumnado que atenden.

#### **2. Acción Titorial**

- A acción titorial fíxose de xeito coordinado, tendo en conta os seguinte aspectos:
  - Potenciación das materias instrumentais do currículo.
  - Valoralo esforzo pola aprendizaxe de xeito individual.
  - Clima de convivencia adecuado.
  - As programacións do alumnado con n.e.a.e. fixéronse de xeito coordinado con todos/as os/as profesionais que traballaban con ese alumnado.

### **Familias**

#### **1. Orientación Familiar**

- As relacións entre familia e centro fanse cada vez mais fluídas.
- Orientouse aos pais e ás nais en materia da educación dos seus fillos/as.
- Implicouse aos pais e ás nais nas tarefas de aprendizaxe, na valoración do esforzo que estes fan por aprender e na orientación das súas fillas/os.

### **Outras institucións**

#### **1. Colaboración**

Colaboramos con outras institucións ben a petición nosa ou ben pola súa propia iniciativa.

En definitiva, coa avaliación do Plan de Orientación e do funcionamento do Departamento o que se pretende é:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CEIP PLURILINGÜE**

**MONTE BALIÑO.**

Cardenal Páramo Somoza Nº12.

Pantón-27430

982828216-15

ceip.monte.balinho@edu.xunta.es

**galicia**

- Mellorar curso a curso o asesoramento e apoio prestado a titores, mestres, alumnos e familias.
- Adecuarse ás demandas dos distintos ámbitos de intervención, tras coñecer as necesidades.
- Coñecer a efectividade das intervencións realizadas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que son susceptibles de mellora.

*En Pantón, 28 de setembro de 2020*

A orientadora

Asdo.: Sonia Sánchez Fernández